



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Departamento de Tráfico. Xestión de Multas

Aprobación da posta en funcionamento dos multa-móviles

APROBACIÓN DA POSTA EN FUNCIONAMENTO DOS MULTA-MÓBILES

Publícase a presente resolución, en función do disposto no artigo 45.1 a) da Lei 39/2015.

O Concelleiro delegado de Mobilidade, Seguridade cidadá e Festas, con data 11 de outubro de 2021, ditou o decreto número 2021/9595 co seguinte contido:

ANTECEDENTES:

A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas promove o emprego e aplicación das técnicas e medios electrónicos, informáticos e telemáticos, para o desenvolvemento da actividade e o exercicio das súas competencias, establecendo programas e aplicacións que haberán de ser previamente aprobadas polo órgano competente e deberanse difundir publicamente as súas características.

Co fin de mellorar as condicións de ordenación e regulación do tráfico na cidade e, fundamentalmente, para garantir o cumprimento das normas relativas ó reparto equitativo das prazas de aparcamento, co fin de facer máis acaído e rendible o espazo

público destinado a esta finalidade, levando a cabo un maior control destes espazos, para acadar dito obxectivo, garantindo ademais unha maior eficacia e eficiencia nos procedementos sancionadores en materia de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, que se xestionan na Area de Mobilidade deste Concello de Santiago.

CONSIDERACIONS:

O Concello de Santiago de Compostela conta con distintas áreas de estacionamento regulado recollidas nas ordenanzas aplicables. É fundamental garantir un reparto xusto do espazo público a través das normas establecidas a tal efecto.

É por iso, que dende a Concellaría de mobilidade e seguridade, decidiuse poñer en funcionamento un sistema de control de recoñecemento de matrículas.

Os vehículos de control realizarán unha lectura das matrículas dos vehículos estacionados, comprobando se compren a normativa de estacionamento a aplicar no emprazamento do vehículo. Estes vehículos recollerán, a través das cámaras e do software instalado, información relativa, á matrícula, data, latitude, lonxitude, rúa, número así coma as imaxes obtidas do vehículo.

Dependendo da categoría do estacionamento, o funcionamento é diferente. Na zona ORA emitirá un aviso aos controladores para que realicen unha segunda comprobación e deixen, no caso de ser necesario, o aviso de denuncia no vehículo.

Nas zonas cualificadas coma verdes (residentes) comprobará se dispoñen de tarxeta para estacionar, no suposto de non dispoñer dela xerará unha denuncia ao vehículo onde figurarán as fotos coa data, hora e latitude e lonxitude do lugar da infracción.

Nas zonas de estacionamento regulado (carga e descarga e aparcamento Express) xerará unha denuncia aos vehículos que estacionen máis do tempo permitido acompañando das fotos da primeira comprobación e da segunda, para acreditar o exceso do tempo establecido. Esas fotos terán impresas a data, hora e lonxitude e latitude do lugar de estacionamento.

Tendo en conta as competencias sinaladas na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; os decretos de Alcaldía de 17 e 21 de xuño de 2019 polos que se nomean as Concellarías delegadas e o acordo da Xunta de Goberno local de 24 de xuño de 2019 de delegación de competencias,

RESOLVO:

AUTORIZAR a posta en funcionamento de dous vehículos multa-móviles, a partires do vindeiro 18 de outubro de 2021, para mellorar as condicións de ordenación e regulación do aparcamento regulado na cidade e fundamentalmente para garantir o axeitado uso de ditos espazos, cun maior control dos mesmos, en beneficio de tódolos usuarios. Esta medida tamén permitirá unha maior eficacia e eficiencia na tramitación dos procedementos sancionadores en materia de tráfico,

circulación de vehículos a motor e seguridade vial, que estanse a xestionar no Servizo de Mobilidade e Seguridade do Concello.

Esta resolución pon fin á vía administrativa. Poderá impugnala directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela) de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa-administrativa, no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao de notificación.

Con carácter potestativo poderá interpor recurso de reposición perante o órgano municipal que ditou o acto no prazo dun mes contado desde o día seguinte a aquel en que teña efectividade a súa notificación, consonte ao establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 26 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas. Se interpón recurso de reposición non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata a resolución expresa ou presunta daquel.

Contra o rexeitamento expreso ou presunto do recurso de reposición cabe recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte a aquel en que o interesado reciba a notificación do rexeitamento, cando esta sexa expreso, ou no prazo de seis meses, contados desde o día seguinte a aquel en que deba entenderse rexeitado de forma presunta.

En Santiago de Compostela, a 13 de outubro de 2021.

O VICESECRETARIO XERAL DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

José Manuel González García

2021/7388